



INFORMACIÓN ADICIONAL

Deben recordar aos centros escolares que os produtos non poderán distribuírse no marco das comidas escolares, deberán darllo ao alumnado no horario de recreo.

Os produtos distribuídos serán sempre de excelente calidade. No caso das froitas frescas, serán preferentemente de tempada, atoparanse no seu grao óptimo de madureza de consumo e serán consumidas no seu estado natural, non poderán someterse a ningún procesamento, incluída a elaboración de zume. As froitas nas que se coma a monda, deben lavarse antes do seu consumo. A castaña consumirase cocida ou asada.

A subministración nos centros escolares farase durante os períodos de repartición autorizados:

- 1º período: de novembro de 2018 a febreiro de 2019 (ambos inclusive).
- 2º período: marzo a xuño de 2019 (ambos inclusive).

A distribución de froitas frescas e castañas levarase a cabo, para cada período autorizado, durante 10 días lectivos consecutivos.

A distribución de leite líquido de consumo levarase a cabo, para cada período autorizado, durante un mínimo de 20 días lectivos consecutivos e un máximo de 60.

Calquera modificación da subministración a nivel de centro escolar (data de inicio e/ou período de repartición) será comunicada por vía oficial PREVIAMENTE ao Servizo Territorial do Fogga onde radique o centro escolar.

A ración **máxima** de consumo por alumno/a e día é de:

- Froitas frescas e castañas: 0,17 kg.
- Leite líquido de consumo e as súas versións sen lactosa: 200 cc ou 206 gr.

Pagamento da axuda

As persoas provedoras para solicitar o pagamento da axuda deberán gravar os datos referidos ao reparto na aplicación informática habilitada ao efecto. Esta aplicación informática, ao finalizar a gravación dos datos de reparto, emitirá un documento que deberá presentarse xunto coa solicitude de pagamento conforme ao modelo previsto no anexo IV. A presentación farase por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, e dirixirse ao Servizo Territorial do Fogga da provincia onde radiquen os centros escolares correspondentes.

Aquelas persoas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar as declaracións presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia. A declaración dirixirse ao Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga), Rúa dos Irmandiños s/n, Salgueiriños, 15781 Santiago de Compostela.

A solicitude de pagamento presentarase nun prazo máximo de tres meses contados a partir do día seguinte ao remate do período de subministración correspondente.

Xunto coa solicitude de pagamento, a persoa provedora achegará a seguinte documentación:



- O anexo IV. (Un para cada período e para cada tipo de produto: froita ou leite)
- Facturas das cantidades de produtos efectivamente subministradas ou distribuídas. Deberán presentar unha factura por cada centro escolar, por cada período e por cada tipo de produto (froita ou leite). Estas indicacións figurarán na factura. (Por exemplo: se subministraron froita e leite a un centro escolar nos dous períodos, deberán presentar 4 facturas). As facturas serán emitidas ao Fondo Galego de Garantía Agraria con NIF: Q6550024A.
- Cada factura irá acompañada dos albarás de entrega correspondentes, que serán asinados e selados polo centro escolar.
- Certificado selado e asinado polo centro escolar en que figuren o número de alumnos/as matriculados ao comezo do curso escolar e o número de alumnos/as participantes na liña de axuda, coas cantidades efectivamente subministradas por nivel de ensino e produto subministrado.
- No caso de subministrar produtos avalados polos réximes de calidade, achegarase a documentación acreditativa correspondente.

Os centros escolares deberán publicitar na entrada principal do centro e nun lugar onde se poida ver e ler claramente que esta axuda está subvencionada pola Unión Europea, colocando o **cartel** que lle facilitará o provedor.

A existencia de calquera irregularidade na execución desta liña de axuda poderá dar lugar á denegación ou minoración do seu importe.